

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PEÓN PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS POR RENUNCIA DE CANDIDATO/A

Vista a Resolución de Alcaldía de data 27/07/2016 de contratación laboral temporal de seis peóns para a brigada de prevención e defensa de incendios forestais.

Visto o escrito de renuncia achegado no rexistro xeral do concello por Dna. Ana Canal Fraga ao posto de PEÓN, das brigadas de prevención e defensa de incendios forestais RE núm. 1.305 e data de entrada 27/07/2016.

Vista a lista de agarda para o posto de peón das citadas brigadas de prevención e defensa de incendios forestais.

Personados os aspirantes e comprobada a documentación acreditativa correspondente.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Seleccionar o seguinte candidato para a cobertura dun posto de peón para a brigada de incendios do Concello de Lobios:

- BARBEITO RODRÍGUEZ, ADRIÁN - DNI Núm.167-Q

SEGUNDO.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade regulada polo artigo 15.1.a) do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, con data de inicio o 1 de agosto de 2.016 e rematando o 31 de outubro de 2.016 e en réxime de dedicación a tempo completo.

- BARBEITO RODRÍGUEZ, ADRIÁN - DNI Núm.167-Q

TERCEIRO.- Atendendo a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, este persoal debe realizar o curso de prevención de riscos laborais dunha hora de duración que terá lugar o venres 29 de xullo ás 08:30 horas no edificio multiusos do concello.

Lobios, 27 de xullo de 2016

A Alcaldesa,


María del Carmen Yáñez Salgado

Ante min, a Secretaria


Marta Izquierdo Gamallo